

5 de xaneiro de 1995

Como cada ano paseáronse polas nosas rúas Melchor, Gaspar e Baltasar, enchendo de ledicia e ilusión ós máis pequenos. A Cabalgata estivo organizada como en anos anteriores pola Asociación de Véciños de Santa María-A Ribeira que contou coa colaboración do Concello de Betanzos e de distintas casas comerciais.



7 de xaneiro de 1995

Coa xornada de Convivencia, adicada á terceira idade, rematou o programa de actos para as festas de Nadal e Aninovo que como cada ano fixo a Delegación Municipal de Cultura e Deportes, contando coa colaboración de diferentes entidades culturais, deportivas e económicas da cidade.

15 de xaneiro de 1995

Organizado por Caixa Galicia, celebrouse na Aula Municipal de Cultura un Concierto de Música Clásica a cargo do grupo Arabesco, composto polo matrimonio ruso María Keilina e Ilia Keilin, piano e violonchelo.

16 de xaneiro de 1995

No campo de fútbol Municipal García Irmáns celebrou un adestramento a selección de fútbol de Uruguay, á espera de enfrentarse á selección española. A presencia de xogadores emblemáticos como Poyet, Francéscoli e Fonseca congregou a numeroso público, sobre todo infantil, que tentou achegarse para ter un recorde dos seus ídolos.



18 de xaneiro de 1995

D. Eduardo Toba, xefe da Demarcación de Costas de Galicia, visitou as obras do Paseo da Tolerancia, acompañado polo Alcalde, D. Manuel Lagares e o concelleiro de urbanismo e deputado provincial, D. Antonio Lagares...

Xaneiro de 1995

O temporal de choivas dos últimos días do pasado ano e primeiros deste ocasionou múltiples danos, entre eles os cortes de diferentes vías de comunicación, que estiveron cortadas ó tráfico debido a desprendemento de terras.



23 de xaneiro de 1995

Nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, acompañado polo concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz e os funcionarios D. Alfredo Erias e D. Eduardo Muñoz, presentouse na Sala Capitular do Concello o novo nomenclátor da cidade **Nomes das rúas, prazas e lugares do Concello de Betanzos**, como primeiro paso dun proxecto máis amplio de rotulación de rías. Na publicación de carácter orientativo, actualizanxe e recollense os nomes de tódalas rúas, prazas, etc. da cidade, así como das parroquias e lugares da zona rural. Foi repartido gratuitamente en tódolos domicilios do Concello.



12-28 de febreiro de 1995

O Seminario de Inglés do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar organizou un intercambio escolar cun centro da localidade norteamericana de Wayland. Os alumnos do centro brigantino asistiron a clase neste centro e realizaron diversas visitas de carácter cultural naquel país. O día 21 foron todos recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares e polo Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz.

27 de xaneiro de 1995

Neste día foron inauguradas as obras de acondicionamento da rúa de Saavedra Meneses. Os traballos realizados consistiron fundamentalmente na construcción de aceras, instalación de conduccións de auga e alcantarillado, colocación de farolas, bancos e outros elementos de mobiliario urbano.

Xaneiro de 1995

Según a última rectificación do Padrón Municipal a poboación de Betanzos chega a 12.393 habitantes, deles 5.881 son homes e 6.512 mulleres.

Febreiro de 1995

Neste mes o Concello distribuiu un folleto informativo que tiña por lema **Betanzos sempre limpo en beneficio de todos**, no que se ofrece ós cidadáns unha serie de consellos tendentes a evitar o lixo nas rúas e facilitar o bo funcionamento do servicio de recollida. Coincide esta campaña coa ampliación do servicio a todo o municipio, así como a erradicación dos vertedeiros incontrolados.>

BETANZOS SEMPRE LIMPO



EN BENEFICIO DE TODOS
CONCELLO DE BETANZOS



D. José Benito Beade Vázquez.

18 de febreiro de 1995

Foi homenaxeado na localidade de Fene, na Séptima Xuntanza de Xoves Gaiteiros, o popular gaiteiro de Betanzos D. José Benito Beade Vázquez. Este recoñecemento faille xustiza a un home que adicou toda a súa vida a espallar e ensinar a música tradicional galega. Formou parte de numerosos grupos, como Os Beades, Os Brigantinos, Cuarteto da Riveira, etc. Cansado de dar alboradas retirouse o ano pasado de 1994, facendo de Turito o día da Ascensión.



D. Xosé Carlos Soler.

23 de febreiro de 1995

Estrenouse no Cine Alfonsetti a cortometraxe Tornabón, da que é director o betanceiro D. Xosé Carlos Soler. Na mesma velada proxectouse tamén o seu primeiro traballo titulado O párroco embaucado. Como consecuencia do gran éxito alcanzado e a gran cantidade de público ó que lle foi imposible acceder á sala, proxectariase de novo a semán seguinte.

25 de febreiro-1 de marzo de 1995

Desenrolouse nestes días o programa do Antroido, que contou con desfile de comparsas, concursos, enterro da sardiña, etc. O programa organizado pola Escola Taller Pasatempo e patrocinado polo Concello serviu para dar maior animación a estes tradicionais festexos.




6 de marzo de 1995

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares, recibiu no Concello ó Gobernador Civil, D. Carlos Vacas e ó Director Xeral de Infraestructuras do Ministerio de Xusticia. Posteriormente, na compañía de outras personalidades, visitaron o novo Pazo de Xustiza de Betanzos, no rehabilitado Hospital de San Antonio.

8 de marzo de 1995

Neste día faleceu D. Ricardo García Gondell, persoa vinculada desde moi nova ó Partido Comunista e que desempeñou, entre outros, os cargos de Concelleiro e Tenente de Alcalde nos anos da transición democrática. Era tamén coñecido e reconecido como poeta e pintor. Esta última actividade levouno a crear xunto a outros pintores de Betanzos, a Agrupación Inzar, da que foi presidente ata o momento do seu pasamento. Dende o Anuario Brigantino o noso recordo agarimoso para este home loitador, ilustre betanceiro e, sobre todo, amigo.



D. Ricardo García Gondell.

15 de marzo de 1995

Este día deixou de existir D. José García Calviño, un dos mellores colaboradores das institucións culturais do Concello. A el acudiamos a cotío, sabedores da súa portentosa memoria. Con paso lixeiro e vestido de gabardina, acostumaba percorrer as rúas da cidade e as parroquias do contorno recollendo imaxes fotográficas e novas de interés. El era a memoria viva e a xentileza personificada. Desde o Anuario Brigantino recordámolo con agarimo e agradecemento.

9 de marzo de 1995

Foi derrubado o caserón en ruinas da praza da Marina. A parcela que ocupaba pasou a propiedade municipal despois dun convenio co seu propietario, o que permitiu a ampliación e mellora da devandita praza.



D. José García Calviño.

17-19 de marzo de 1995

Tiveron lugar na Aula de Cultura as XI Xornadas de Jazz, que foron organizadas polo Concello e contaron coa participación do cuarteto de Baldo Martínez, Orquestra de Jazz do Conservatorio da Coruña e o quinteto Susana Peris.

19 de marzo de 1995

Este foi un día de sorte para os componentes dunha peña do bar A tu vera do popular barrio da Ribeira, ós que lles tocou 42 millóns de pesetas ó acertaren unha quiniela de 14 resultados.

28 de marzo de 1995

O Alcalde, D. Manuel Lagares, inaugurou os novos vestuarios do campo de fútbol do Carregal, que foron realizados xunto con outras melloras complementarias nesta instalación deportiva.

30 de marzo de 1995

O Betanzos C. F. proclamouse campeón da Copa Federación ó vencer ó Pontevedra por un gol a cero. Despois do encontro de ida, no que obtivo un empate a cero goles, solventou no partido deste día a final cun gol de Raviña. Rematado o encontro, o Presidente da Federación Galega de Fútbol, D. Julio Meana, fixo entrega do trofeo de campeón ó capitán do Betanzos, Oscar.

3-28 de abril de 1995

Celebrouse na nosa cidade o II Encontro de Escolas-Taller e Casas de Oficio do Noroeste Peninsular, co obxectivo de potenciar os programas de emprego e formación co intercambio de experiencias. O acto de inauguración correu a cargo do Alcalde, D. Manuel Lagares, e no que tamén estiveron presentes a Directora Provincial do INEM, D^a Pilar López-Rioboo e o Xefe Provincial de Escolas Taller, D. Carlos Rodríguez. Ó longo destes días houbo diversas conferencias, mesas redondas, demostracións, así como unha exposición de distintos traballos realizados no Edificio Liceo.



8 de abril de 1995

O sacerdote brigantino D. Eduardo Guerrero pronunciou o Pregón da Semana Santa na igrexa de Santo Domingo, á que asistiron as máximas autoridades locais e numeroso público. >

10 de abril de 1995

Na sala Capitular do Concello o Alcalde, D. Manuel Lagares e o Presidente da Deputación da Coruña, D. Salvador Fernández Moreira, acompañados de diversos membros da Corporación Municipal, asinaron un convenio polo que o organismo provincial se comprometeu a financiar a construcción dunha praza multiusos no parque do Pasatempo, así como a donación de diversos elementos tradicionais que permitirán incrementar os fondos da colección existente no Museo das Mariñas. Realizaron, así mesmo, unha visita ás obras de construcción de aceras que se están a realizar na travesía do Mandeo e as novas instalacións do campo de fútbol do Carregal.

10 de abril de 1995

Coa entrega de diplomas ós alumnos participantes foron clausurados catro cursos formativos, organizados polas asociacións Brisa e Brigantium. No acto estivo presente a Conselleira de Familia, Muller e Xuventude, D^a Manuela López Besteiro.

11 de abril de 1995

Neste día pechouse o Matadeiro Municipal de Betanzos. A súa ubicación no casco urbán fai imposible a adaptación das condicións hixiénicas ás normas establecidas pola Unión Europea.

Abril de 1995

A Comisión Provincial de Urbanismo aprobou o plan parcial para o Polígono Industrial de Piadela presentado polo Concello, que permitirá aumentar a súa superficie en 391.000 metros cuadrados.



20 de Abril de 1995

Don Luis Veiga Cadaveira fixo entrega ó Museo das Mariñas, así como á Biblioteca e Arquivo Municipais, dun lote de libros, varios cadros e outros obxectos que pertenceron moitos deles ó seu sogro, o artista e profesor D. Francisco J. Martínez Santiso, e tamén á súa dona, D^a Rosina Martínez Barral. Esta donación permitiu, entre outras cousas, crear no Museo un espacio de exposición permanente dedicado a esta familia. Os Martínez Santiso deron a Betanzos desde o s. XIX persoeiros de gran relevo no mundo intelectual da época. Os periódicos locais, as obras públicas, a elaboración da Historia de Betanzos, etc. deben moito á súa laboura. A actitude de D. Luis Veiga é a mellor loubanza a esta xente e a maneira de que as súas obras sexan coñecidas por todos hoxe e nos alumeen o camiño.



21 de abril de 1995

Na Sala Capitular do Concello o Alcalde, D. Manuel Lagares e a Secretaria de Estado de Xustiza, D^a María Teresa Fernández de la Vega, coa presencia do Gobernador Civil da Coruña, D. Carlos Vacas, así como varios membros da Corporación Municipal, suscribiron un convenio de colaboración que permitirá a realización de obras de mellora do entorno do novo edificio dos xulgados (antigo Hospital de San Antonio). Seguidamente visitaron as instalación do novo edificio, así como o Museo das Mariñas.



D. Paulino Rojo Rúa.

20 de abril de 1995

Faleceu neste día D. Paulino Rojo Rúa, que fóra xefe da Policia Local a principios da era democrática. Era un home moi querido.

20 de abril de 1995

Pola Orquesta Sinfónica de Galicia interpretouse no Palacio de Congresos da Coruña a obra Elegía para un soldado, do compositor betanceiro D. Carlos López García-Picos, que a escribiu como homenaxe postumo ó seu amigo Rubén Dans.



21 de abril de 1995

Celebrouse na Aula Municipal de Cultura, e dentro do programa de actos conmemorativos do Centenario do Pasatempo, un concerto monográfico da obra pianística do compositor betanceiro Carlos López García-Picos, interpretada por Ángel Huidobro Vega. Presentouse a continuación un video sobre a obra dos Irmáns García Naveira e o parque do Pasatempo, realizado polo cineasta betanceiro D. José Carlos Soler, en colaboración coa Agrupación Teatral Mariñán.



22 de abril de 1995

Dentro dos actos do Centenario do Pasatempo, foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares e varios membros da Corporación Municipal, diversos familiares dos Irmáns García Naveira. No acto estiveron presentes tres xeracións da familia, representadas por Dña Águeda González García, D. Jaime Lafora González e D. Gonzalo Lafora Bueno, que asinaron no Libro de Ouro da cidade. A celebración complementouse ademais cunha misa na Residencia de Anciáns. E no propio Parque do Pasatempo plantáronse cen árbores, descubrindose unha placa conmemorativa do centenario e actuando a Banda Municipal de Música.

22 de abril de 1995

A plantilla do Piadela festexou a consecución do título de campeón da liga de fútbol de veteranos. Este equipo conta coa participación dalgúns coñecidos ex-xogadores do Deportivo como Traba, José Luis ou Silvi, así como dalgúns antiguos xogadores do Brigantium.

26 de abril de 1995

A partir deste día e ata o 31 de maio desenrolouse a segunda edición da campaña denominada Tren do Pasatempo, na que cerca de tres mil escolares procedentes de distintos puntos de Galicia visitaron a nosa cidade. Esta iniciativa levouse a cabo coa participación de RENFE, da Dirección Xeral de Política Lingüística e do Concello de Betanzos.



28 de abril de 1995

Foi inaugurado o Paseo da Tolerancia por parte de D. Antonio Lagares, Alcalde en funcións, e más por D. Fernando Osorio, Director Xeral de Costas. Previamente houbo unha recepción oficial no Concello. No acto estiveron presentes o Gobernador Civil, D. Carlos Vacas, o xefe da Demarcación de Costas de Galicia, D. Eduardo Toba, así como diversos membros da Corporación Municipal.



D. Domingo Luces.

28 de abril de 1995

Faleceu neste día D. Domingo Luces Martínez, funcionario municipal (músico da antiga banda), actualmente xubilado. Era un home moi popular e querido na cidade.

1 de maio de 1995

A tradicional feira do Primeiro de Maio acercou a Betanzos a miles de visitantes, que abarrotaron as rías da cidade, sendo probablemente a feira máis concurrida dos últimos anos.

1-31 de maio de 1995

Nestes días desenrolouse o programa de actos culturais elaborado polo Concello con motivo das Letras Galegas, que este ano estivo adicado a Rafael Dieste. O longo deste mes o Museo das Mariñas estableceu unhas Xornadas de Portas Abertas.



2 de maio de 1995

O Alcalde, D. Manuel Lagares, e demais membros da Corporación Municipal, recibiron na Sala Capitular ós membros do Club de Fútbol Piadela de Veteranos, recentes campeóns de liga...

5 de maio de 1995

Dentro dos actos programados con motivo da sexta edición do Premio de Poesía e Relato Curto, convocado polo Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar, pronunciou unha conferencia na Aula Municipal de Cultura a escritora Marina Mayoral. Entregáronse, así mesmo, os premios ós mozos Xosé Manuel Lema en poesía e Xosé Antonio Carballal en relato curto. Este certame conta co patrocinio do Concello, Deputación Provincial e Xunta de Galicia. >



6 de maio de 1995

No Polideportivo Municipal de Betanzos celebrouse a primeira fase da Copa Deputación da Coruña de Karate, na que participaron 180 loitadores pertencentes a vinteseis clubes da nosa provincia.

6 de maio de 1995

Dentro do Programa das Letras Galegas que organizou o Concello, tivo lugar na Aula de Cultura unha conferencia a cargo do ilustre músico, Profesor García Asensio. >

6 de maio de 1995

Neste día un lóstrego caeu na céntrica Praza do Campo, o que causou o lóxico asombro nos paseantes, traendo como consecuencia un corte de luz de varias horas e considerables danos materiais.

7-30 de maio de 1995

Dentro do Programa das Letras Galegas, realizouse no Edificio Liceo unha exposición fotográfica do betanceiro Carlón, titulada O Mandeo e as Mariñas. Trascendencia na paisaxe.



10 de maio

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, presentou neste dia a maqueta e os planos do paseo fluvial da Galera que se vai construir na marxe dereita do río Mendo. Toda a documentación relativa ó proxecto, xunto coa maqueta, estivo exposta ó público no Edificio Liceo ó longo deste mes.

12-14 de maio de 1995

Celebrouse a X edición da Festa do Viño de Betanzos, que deu comenzo coa lectura do pregón que este ano correu a cargo do periodista e poeta D. Manuel Álvarez Torneiro. O bo tempo permitiu unha masiva afluencia de público, comercializándose aproximadamente uns doce mil litros. O primeiro premio foi para o viño branco presentado por Dª Estela Gómez Gómez.

Simultaneamente celebrouse un feirón de productos gastronómicos típicos e un concurso de queixos, no que obtivo o primeiro premio Dª María Elvira Sánchez da localidade de Curtis.

Pregón da Festa do Viño

Andaba eu a cavilar estes días no doado que sería para un pregoeiro do viño facer unha apoloxia dos caldos do Mosela ou do Rin, dos productos vínicos de Borgoña ou Alsacia, de Lachrima Christi, de Oporto, da Rioxoa, Xerez, etc, e que dicir dese outro viño que non vai ser celebrado nas mesas máis distinguidas, que non vai figurar nas cartas dos exquisitos, nin te-la gabanza, o eloio puntual que outros teñen por mor dunha colleita que resultou tan boa que por forza na etiqueta ten que figurar o ano da gracia.

Nunca soarán violíns nin haberá ritos áulicos no ámbito onde se beba este viño noso de Betanzos; este viño que, sen embargo, catamos sen complexos porque sabémolo suficientemente satisfactorio e bástanos. Soará, eso sí, a gaita i estará presente a danza gremial.

Teño para min que o viño de Betanzos á forza de ser humilde diríase que case pide permiso para ser, e que sendo sinxelo coma é, é suficiente para o rito dos sinxelos que o fan posible. Que mellor carta de presentación pode mostrar un viño que ser viño da casa, como tantos o chaman. Da casa e para aqueles que á casa chegan. Non da moito más de si en cantidade este producto coa honra xusta. Comedido. Viño amigo que acompaña. Que non traiciona. Viño «cadete». Viño con sitio, coma alguén dixo: «para beber en Betanzos». Compañero nas solainas das tardes do verán que morren lentamente, ou nas tertulias nas vellas bodegas entre grolo e grolo, ilustrando a amistade, debatindo sobre as comúns preocupacións da xente, do diario vivir. Viño para facer memoria limpia e melancolicamente e incluso filosofar dende a sabiduría que dan os anos... Viño que na descripción obxetiva figura coma brillante, aromático, fresco, afroitado, lixeiramente acedo, duns oito a once graos, e defendido por estas terras cunha paixón tan comprensiva coma é a paixón polas cousas propias, polas cousas da casa; paixón que xa ven daquel vello amor de conserva-las viñas, da antiga prohibición de colle-la uva verde, do tempo de prohibir que o gando solto entrara nas plantacións, da obrigación de leva-las cabras ós montes máis altos para que non poideran baixar ós viñedos e causar estragos.

O viño, que en outros eidos foi e segue a ser un motivo de lucro ou enriquecemento, é por aquí un producto artesán, caseiro, elaborado lonxe das sofisticadas computadoras, da parafernalia da tecnoloxía posta ó servizo dos grandes centros de produción. Viño, poderíamos dicir, feito á mán, ou na casa: esa cualidade que agora gosta e celebra o mundo consumista.

Dicía Eurípides que alí onde hai viño hai amor. E o de Betanzos ten a «gracia inesquencible» da que falaba Alvaro Cunqueiro. Viño artesán, dícamos, tranquilo, viño con apego, que lle gostaría a Rousseau, ós inxenuistas, ós pacíficos, a todos aqueles que se afirman nas cousas claras, que teñen o valor do suficiente sen máis, sen ángulos e sen vanidades. Un viño para «construir o sentido». E quén sabe se tamén bo contra o temible colesterol dos nosos días.

Non se pode falar desta cidade sen falar dos seus caldos que van de man en man, compartidos nos días festivos dos Caneiros; que poñen danza nos pés e abellas no corazón; viño do estímulo e da estima, que se deixá beber con xenerosidade, e que tan ben casa co peixe do mar veciño: pensade por un intre nunha robaliza ó sal, pensade mesmo na doméstica sardiña que pide brancos frescos para

limpar a boca... Viño de cepa romana que é tanto coma dicir unha reliquia; viño que obriga ó corazón a unha fidelidade onde tamén temos posto o noso particular ramallo de loureiro.

Os poetas que coñeceron Betanzos, «cidade aberta e agradecida» coma alguén atinadamente chamou; os que non puideron menos que describila con verba emotiva ou namorada; os que quedaron prendados da festa dos Caneiros no seu paradisiaco marco natural; os que tamén atenderon a historia, a súa arte e a súa paisaxe, deixáronnos, asimesmo, o apunte lírico sobre o viño, coma non podía ser menos... Moitos, distintos en fondo e forma expresiva, de onte ou de hoxe, referíronse ó viño desta terra:

Gumersindo Díaz:

«Ai vendimas de Betanzos,
¡cantos sospiros me levan!
Porque sempre me recordan
aquei enxame de abellas
libando o saiboso mosto
que serve nas túas bodegas».

Ou Urbano Lugrís:

«Brínca o viño nas cuncas con festeiro
son ritual, e a linfa rosa e pura
verte a bicuda xerra dende o alto,
fervenza de rubís escintilantes.
Inmorrente canción do viño. Limpia
voz da clara ribeira. Voz da luz».

**Ou Rey Baltar,
na súa visión
dos Caneiros:**

«O viño en lugar de vasos
tómase en botas e xerros».

Ou esta fermosa imaxe de Betanzos

que asina Gómez Alfaro:

«Bendita ti, bacelo de irmandades».

Ou Manuel María que pide coma un don

«A humanidade cristiana
e boa dos teus viños que encherían,
co marabilloso carabel da ledicia
o teu corazón de cidade
si estivera tristeiro».

Ou Pilar Pallarés:

«Soñando entre pipotes Grecias clásicas».

Ou Novoneyra:

«As mulleres eran verdadeiras coma o viño».

Ou Ánxoles Penas:

«E o viño corre ledo na taberna,
viño doncel, noviño, xeitosiño
que quenta sen queimar e aguza o inxenio».

Ou Vales Villamarín:

«Ponme se che parés eiquí un netiño
que a codia non me corre sen o viño».

E tantos e tantos outros que farían interminable a relación de cantoras e cantores, sen esquecer, por suposto, ós historiadores que nos falan das vías que este viño facía ás Américas; dos traballos de conservación; das loitas cos viñateiros cataláns; das crises económicas, das enfermidades coma a «cínza» o mildiu, a filoxeira... que non todo foi confianza e ledicia, canción bucólica e feliz.

Diciamos que doado sería facer un panexírico dos viños ilustres, aristocráticos, excelso e pensabamos que eloxio dicir hoxe aquí, que apolloxía facer dun viño humilde, áinda que nobre na súa humildade, que non compite, honesto, con carácter propio, claramente diferenciado, coma é o viño de Betanzos. Temos para nós que esa é a súa personalidade verdadeira, o seu mérito e a súa distinción. E isto é o que queremos salientar na homenaxe ós caldos betanceiros tan ligados á historia e á cultura da cidade. Fernández de Rota y Monter falou un día aquí do viño e do amor que esconden - dixo- a emoción e a forza da paixón. «Podemos permitirnos moitas cousas, pero non debemos permitirnos vivir sen unha noble paixón.»

Hai tantas marabillas escritas sobre o viño que nós pouco ou nada novo poderíamos engadir ó tema. Pero queremos tributarlle ó de Betanzos unha humilde homenaxe no seu día grande; un recoñecemento que ven dunha vella e invariable fidelidade a unha terra onde tantas raíces temos; raíces ou signos, ou referenciais, ou claves de identidade que non podemos traizar co silencio.


Falando dos caldos do Rin, de Alsacia ou de Xerez, escribiríamos, sen dúbida, os adxetivos calificativos más sonoros e rimbombantes, e, con toda seguridad, xustos. Bastaría recurrir ás encyclopedias de prestixio para atopar un abano de eloxios. Sobre o viño de Betanzos, ausente dos textos más sabios, ou interesados, que de todo hai, eu quero facer hoxe, aquí, en voz alta, unha declaración de amor. Simplemente unha declaración de amor e da-las gracias a todos aqueles que o fan posible. Gracias por esa infancia recobrada, de súpeto, nun grolo ou nun aroma. Gracias por tantas sensacións e por tanta maxia que non outra cousa é o viño.

Danos Señor un pouco de loucura que nos libre de tanta necesidade, pidia o filósofo ruso Alexis Vivicov. Danos, Señor San Roque, unha cunca de viño que nos libere da pesadume e da tristura dos tempos que corren, digo eu.

Betanceiro: alcémo-la copa da esperanza que nos manteña no afán e no traballo, que nos inspire, que nos dea forza e nos devolva ó reino da Utopía.

Sauda e moitas gracias.

Manuel Alvarez Torneiro



6 de maio de 1995

Dentro do Programa de Actos elaborado polo Concello con motivo das Letras Galegas, tivo lugar na Aula de Cultura unha homenaxe a Antolín Faraldo, coa celebración dunha conferencia e presentación dun folleto da súa vida e obra, que correu a cargo do Cronista Oficial de Betanzos, D. José Raimundo Núñez Lendoiro e un concerto a cargo da Coral Polifónica. Igualmente na Praza de Antolín Faraldo, D. Manuel Lagares, Alcalde de Betanzos e D. Eduardo Toba, xefe de Demarcación de Costas, descubriron un busto de tan insigne betanceiro, precursor do nacionalismo galego, realizado polo escultor D. Eduardo Rodríguez Osorio, antigo profesor do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar e falecido recentemente en Madrid.

16, 17 de maio de 1995

No Edificio Liceo inaugurarónse sendas exposicións de pintura de Jorge García e Julio López Pedre.

17 de maio de 1995

Por parte do Concello, representado polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e diversos concelleiros, tributouse unha homenaxe ós familiares dos ilustres brigantinos que dende hai poucas datas dan nome a algunhas rúas e prazas da cidade: os de D. Tomás López Datorre, D. Enrique Riego, D. José Veiga Roel, D. Bernardo Miño, D. Claudino Pita, D. José Fariña, D. Domingo Etcheverria e D. José Dapena, así como a Coral Polifónica. A continuación, os asistentes trasladáronse á Praza do mestre José Dapena, onde a súa viúva, D^a Carmen Veiga Gómez descubriu unha placa a él dedicada. >



24, 25 de maio de 1995

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación das obras Copenhague e Venenos de Xesús Pisón, a cargo do grupo Uvega Teatro.

28 de maio de 1995

Neste dia tiveron lugar as eleccións municipais, cos seguintes resultados: PS de G-PSOE, 3.900 votos; PP, 2.854; BNG, 572; EU, 216; CV, 102. Obtiveron, polo tanto, representación municipal o PS de G-PSOE con nove Concelleiros, PP con sete Concelleiros e BNG con un.

Maio de 1995

A Policia Local de Betanzos en colaboración co Concello creou nestes días unha unidade específica de asistencia e prevención de malos tratos. Quedou conformada esta Unidade por varios membros da Policia Local, unha psicóloga, unha asistente social e o asesor xurídico do Concello.

Maio de 1995

Neste mes comenzaron os traballos de restauración da estatua da Caridade, unha das más fermosas do Pasatempo, realizada en mármore de Carrara.

1 de xuño de 1995

O Betanzos CF proclamouse campéón da VIII edición da Copa Deputación, ó vencer na final ó equipo de Noia por catro tantos a un no estadio de Santa Isabel en Santiago. O Presidente da Federación Galega de Fútbol, D. Julio Meana e o Concelleiro de Deportes do Concello de Santiago en representación da Deputación Provincial fixeron entrega dos trofeos.



8 de xuño de 1995

Foille entregado ó Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares, un magnífico debuxo da Praza do Campo realizado polo ilustre artista betanceiro D. José Veiga Roel. A donación realizouna Dª María Antonia Morandeira Fariña, cumprindo a vontade do seu home D. José Antonio Veiga Sánchez, falecido recentemente.

7 de xuño de 1995

Por invitación do Alcalde, D. Manuel Lagares, celebrouse na nosa cidade unha reunión dos Alcaldes Socialistas de Galicia co fin de analizar os resultados electorais e estudiar a nova situación política na Comunidade Galega.

9 de xuño de 1995

O Barrio das Cascas abriu este ano o calendario de festas do verán da nosa cidade coa lectura do pregón a cargo do Arquiveiro-Bibliotecario, Director do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino, D. Alfredo Erias, e co estreno da Muiñeira de Betanzos, obra do veciño dese barrio, D. Francisco Casal, que foi interpretada polo grupo Azougue.

10-11 de xuño de 1995

Os veciños e comerciantes da Rúa dos Prateiros fixeron unha xuntanza de irmandade, que empezou por unha Misa na capela das «Madres Agustinas Recoletas», o sábado, para rematar o domingo cunha comida na que participaron 52 persoas e que chegou ó cumio da ledicia cunha poesía composta para a ocasión, á que se lle poñería música festiva. Segundo algúns, ese sería o himno da rúa.



16 de xuño de 1995

A moza betanceira Nuria Valiño Calviño foi unha das participantes na expedición Ruta Quetzal-Expedición al Mundo Inca, proxecto cultural do Ministerio de Asuntos Exteriores. A viaxe, na que estiveron acompañados polo periodista, D. Miguel de la Quadra Salcedo, discorriu polos países de Ecuador e Perú.



16 de xuño de 1995

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o peche do curso do Conservatorio Municipal de Música. No acto, o Alcalde en funcións, D. Antonio Lagares e o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz fixeron entrega dos diplomas ós alumnos que finalizaron o grao elemental de música. Para rematar, celebrouse un concerto no que foron protagonistas os propios estudiantes.



16 de xuño de 1995

Baixo a presidencia de D. Antonio Lagares, tivo lugar unha recepción no Concello ó Club de Fútbol Betanzos con motivo de proclamarse campeón da Copa Federación e da Copa Deputación.



17 de xuño de 1995

Neste día tomou posesión a nova Corporación Municipal, saída das últimas eleccións municipais, que quedou composta do seguinte xeito:

PSde G-PSOE: D. Manuel Lagares Pérez, D^a María Asunción Sánchez Vázquez, D. Antonio Salvador Lagares Pérez, D. Antonio Carro Galeiras, D. Francisco Manuel Díaz Pereira, D. José Ramón García Vázquez, D. Andrés Beade Dopico, D^a Ofelia López Campos e D. Antonio Vázquez Lorenzo.

PP: D. Jaime Alberto Pita Varela, D^a María Dolores Faraldo Botana, D^a María Cinta Fernández Ramos, D. Luis Alberto Carro Erias, D. Manuel José Basteiro Fernández, D. Ángel Pastor Casal Otero, D. Andrés Martínez Guerra.

BNG: D. Andrés Otero Martínez.

Na fotografía superior, Don Manuel Lagares Pérez recibe o bastón de mando de mans do concelleiro de maior idade, D. Andrés Beade Dopico.

Abaixo, a nova Corporación en pleno.

Xuño de 1995

O Concello de Betanzos e o Ministerio de Traballo a través do INEM, asinaron un convenio de colaboración orientado á realización de obras e reparación de diversos edificios municipais, incluindo tamén a igrexa conventual de San Francisco.

Xuño de 1995

Neste mes comenzaron a funcionar as novas dependencias dos xulgados de Betanzos, que están ubicadas no edificio do antigo Hospital de San Antonio.

30 de xuño de 1995

Na Aula de Cultura tivo lugar unha charla-proxección titulada De Turquía a Australia en bicicleta, a cargo de D. Xabier Ares «Japi». Este viaxeiro incansable contou as aventuras que lle acaeceron nesta viaxe e amosou os lugares destacados así como as características culturais dos países visitados. Este acto foi auspiciado polo Concello de Betanzos.

4 de xullo de 1995

Segundo o Estudio Seneca que analiza os hábitos alimentarios das persoas maiores, realizado a instancias da Unión Europea, a nosa cidade sitiase á cabeza de Europa en consumo de froitas e pescados. Estas conclusións foron expostas pola profesora de nutrición da Universidade Complutense de Madrid, Dª Olga Moreiras, ó longo dun curso de verán celebrado na Coruña.

6-22 de xullo de 1995

Ó longo destes días celebrouse na nosa cidade, no rehabilitado edificio das antigas escolas de San Francisco, o curso Gráfica 95 da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, dirixido polo artista betanceiro D. Xesús Núñez.

7 de xullo

Representouse na Aula de Cultura con grande éxito "O Oso", en versión galega e dirección de Francisco Pillado e coa actuación de: Olga Patiño, Andrés Otero e Xulio Cuns (ver cartel ó comienzo desta sección)..

12 de xullo de 1995

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares e o Presidente en funcións da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreira, presidiron neste día o acto de inauguración do abastecemento de auga da localidade de Tiobre. >



Xullo de 1995

Don Tomás López Loureda donou ó Concello un lagar tradicional de antecedentes romanos (tipo Plínio), realizado en madeira de castaño, e que ata hai pouco estivo en funcionamento na súa adega. A peza foi trasladada ó Museo das Mariñas onde pasou a formar parte destacada da sección de etnografía. A súa montaxe correu a cargo do mestro carpinteiro D. Rafael Vicente Teijo.





17-21 de xullo de 1995

Celebrouse na Aula de Cultura o Curso Internacional da Univ. de Santiago El camino de los nacionalismos, organizado polo Concello de Betanzos en colaboración coa dita Universidade, a Cátedra Salvador de Madariaga, Deputación Provincial e Xunta de Galicia. Participaron destacados persoeiros da política e da cultura; entre outros, o eurodeputado D. Fernando Morán; D. Ernest LLuch, Rector Magnífico da UIMP; D. Sergej Morsan, embaixador da República de Croacia en España; a Deputada, Dª Cristina Almeida, o filósofo D. José Luis López Aranguren, o Director de cine D. Juan Antonio Bardem, o escritor D. Fernando Arrabal; a deputada galega Dª Pilar García Negro; D. Xavier Rubert de Ventós; Dº Celia Villalobos; D. David Rivas; D. Fernando García de Cortázar; D. Gabriel Jackson; D. Andrés Guerrero; D. León de la Hoz; D. Tomás Segovia; D. Nuno Judice; D. Jon Juaristi; D. Alex Susana; D. Felipe Sahagún; D. José Luis Abellán... O curso estivo complementado con diversos actos culturais nos que cabe destacar a exposición de debuxos de Máximo, á que asistiu o propio autor; un recital de poesía na Biblioteca Municipal e un concerto de piano a cargo do Profesor do Conservatorio de Madrid, D. José Luis Bernaldo de Quirós. O acto de clausura correu a cargo do Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares. Director: D. Miguel Losada.

18 de xullo de 1995

A partir deste día, os lugares de A Graña, Xan Rozo, Requián, Montellos, Viuxe, Guiade, Piadela, Infesta, Castro e As Angustias, contaron coa dotación de auga potable.



25 de xullo de 1995

Tivo lugar no cruceiro da Cruz Verde a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a vida por Galicia. >

28 de xullo de 1995

Foi inaugurada no Edificio Liceo a "Exposición Fotográfica y Efemérides de la Historia del Fútbol en Betanzos", con material gráfico diverso recollido polo aficionado e actual Concelleiro, D. Andrés Martínez Guerra. A mostra contou coa colaboración do Betanzos C.F. e do Concello. >



29 de xullo de 1995

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares, oficiou a primeira voda civil que ten lugar no Concello. A Casa Consistorial, estaba adornada con flores como se requería para tal ocasión.

4-13 de agosto de 1995

Veuse celebrando nestes días o Ciclo de Música do Verán 95, organizado polo Concello de Betanzos, e no que participaron o Grupo Evocación, Grupo de Metais Sta. Cecilia, Coruña Quintet, Cuarteto Granados, Coral Reyes Bartlet e Agrupación Musical Carlos Seijo. Os concertos tiveron lugar nas igrexas de Santo Domingo e San Francisco e no patio do Museo das Mariñas.

9 de agosto de 1995

Na Sala Capitular do Concello, o Alcalde, D. Manuel Lagares, presentou o Programa de Fiestas de San Roque 1996.

11 e 14 de agosto de 1995

Na sala de exposiciones do Banco Bilbao Vizcaya e no Edificio Liceo abrironse sendas exposiciones de pintura adicadas á nosa cidade, unha de José Ramón e outra Gabriel Anido.



14 de agosto de 1995

Cunha multitudinaria asistencia de público, na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, corou ó Raíña das Fiestas, a fermosa moza brigantina, María Castiñeira Castro. A continuación tivo lugar a lectura do Pregón, que este ano correu a cargo do ilustre escritor D. Fernando Arrabal. Despois, na Sala Capitular, realizouse a tradicional recepción á Raíña, damas de honra, acompañantes e autoridades. >

El anhelo de subir al cielo

Betanceiros, gallegos todos, visitantes de otras tierras.

Mil gracias al admirable y Excelentísimo Señor Alcalde D. Manuel Lagares Pérez. Honor a la Reina María Castiñeira Castro y a las muy distinguidas autoridades.

Pronto hará seis siglos que la muy fiel, noble y real ciudad de Betanzos, celebra las fiestas de San Roque.

Con su palitroque el santo de la palingenesia a la ciudad salvó de epidemias... y corrupciones.

En 1416 por vez primera los betanceiros comprendieron la importancia de este espiritual salvamento. El día llegaría en que la putrefacción amenazaría con gangrenar nuestra propia substancia, pensaron ellos.

Como quinientos setenta y nueve años han pasado ya, podemos atrevernos a descifrar hoy el significado y la signatura de la fiesta. Gracias a la simbólica protección de San Roque los betanceiros contra las epidemias ayer se inmunizaron como se invulnerabilizan hoy contra la moderna peste de la corrupción.

Cada año la muy fiel, noble y real ciudad de Betanzos eleva al cielo el mayor globo de papel del mundo como apoteosis alegórico. ¡Alegre y aleccionador alegato en tiempos de gusarapiente pudrición! ¡Aleluya!

El lanzamiento de este aerostático ingenio es metafísica metáfora de espiritual ascensión. Los lanzadores de globos betanceiros representan al quijote iconoclasta y al poeta heterodoxo con ramos de anarquista divino capaz de alzarse por encima de misántropos humores y humanas miserias.

El globo, liberándose de cotidianas corrupciones, élvase como arrebato, para alcanzar firmamentos de poesía, ciencia, libertad y amor.

Los prístinos «globeiros» de Betanzos de los Caballeros, vivieron la prodigiosa aventura de la primera vez.

Primer globo nacido como chascarrillo del destino cual chiste de la fatalidad. Y es que a menudo hadas y hado, disfrazándose de buena estrella, estremecedora y enternecedoramente a extravagantes inventores se rinden.

El primer globo, como juguete de ciencia infusa, inflado de infinito, se izó desde un fogón de cocina hasta el techo de la habitación. Por mor de intelectual especulación que no por arte de magia. Creía el paridor del ingenio, preñado de fantasía, que humos y nubes efluvios eran de la misma naturaleza. En su cocina el inventor encerró humo en una esfera de papel para auparla como nube del cielo. Cuando fascinado contempló la ascensión de su artesano artificio dió por descubrimiento científico lo que era nada menos que hipótesis poética.

Al globo no le condujo al altísimo el tufo que dentro llevaba. Las gavillas de paja encendida destinadas a producir humo en verdad caldearon el contenido aire del recipiente impulsando su irresistible ascensión. El calor, como símbolo de fervor, suplantaba a las fumarolas de infernal ciencia fumigadas por calderas de Pedro Botero.





Para el inicial vuelo con seres vivos el inventor eligió como primeros pasajeros sin pasaporte a tres alegóricos animales: pato, gallo y borrego. Ante la estupefacción de la multitud de espectadores esparrancados y boquiaabiertos los tres pioneros animalitos, tras un vuelo de ocho minutos, a más de mil quinientos pies de altura, volvieron a tierra y corral sanos y salvos. Aunque el gallo recibió una cox del borrego durante el aterrizaje que le fracturó una de sus alas.

El pato de aquella primera exploración era símbolo de fidelidad; el gallo imagen solar de quien canta cuando sale el sol; y el borrego, como figura central del toisón de oro, representaba la alquimista sabiduría.

Pronto se especuló con la especie (especiota para excépticos) que incluso un ser humano podría volar. Entusiasta, el rey ofreció un criminal condenado a muerte para afrontar tan peligrosa experiencia. Prisionero que hubiera sido indultado y endulzado si hubiera vuelto a tierra tras tan temeraria aventura. Varios centenares de encarcelados se propusieron como voluntarios de la odisea en volandas. Pero el historiador de la corte, movido por su anhelo de conquistar gloria y fama, se adelantó a los famélicos de fortalezas y penales. Por vez primera un hombre voló durante venticinco minutos a una altura de quinientos pies por encima de una muchedumbre pasmada o pasmarote.

El globo inspiró insolitas insolencias e hipótesis hiperbólicas. El profesor británico Joseph Back demostró empíricamente que una vaca inflada de hidrógeno por el culo planearía en el firmamento tan sencillamente como años más tarde lo harían los enamorados de Chagall en sus cuadros.

Muchas fueron las víctimas de la ambición de «volar en globo», del ansia simbólica de «subir al cielo». El explotado protomártir Rozier pereció al explotar sobre el Canal de la Mancha el hidrógeno de su balón. El sueco Salomón André, ventidós años después del lanzamiento del primer globo betanceiro, acometió la ardiente empresa de sobrevolar el Polo Norte con dos amigos. El ingenio aereostático se llamó «Águila», animal capaz de mirar al sol y símbolo de potencia. Días después del despegue un esquimal cazó una paloma mensajera que en su pata llevaba este recatado recado: «Todo va bien a bordo». Hubieron de pasar treinta y tres años para tener nuevas de la expedición. La tripulación de un navío polar noruego halló los restos de los heroicos «globeiros» sucesos abrazados eternamente por un glaciar. En 1927 el capitán Cray batió el record de altura sin altanería. En el barógrafo del ingenio quedó registrado el dato: 42.470 pies. En el suelo de la góndola del globo convertida en ataúd se halló el cadáver del capitán sin caperuza; en sus caprichos no soñó con mejor suerte.

Los betanceiros siguen elevando globos año tras año, aplicando más de dos milenios después de Arquímedes su principio y conclusiones. Una vez en el aire el ingenio betanceiro se mueve a merced del viento, sin que nadie pueda presagiar su destino destilado por la providencia. Y sin embargo todos los años el globo pasa por encima del cementerio como para saludar a esos andantes caballeros que hicieron Betanzos de los Caballeros.

El final de este pregón ya sólo es referible en parábola puesto que sucede fuera del tiempo.

Dispersos por el mundo o recluidos entre las cinco puertas de la muy fiel, noble y real ciudad de Betanzos, todos somos los mismos. Los de antes y los de ahora, y los que han de venir. Locos y sabios, insensatos o héroes, poetas, inventores o caballeros andantes. No hemos venido a esta tierra para vivir mejor o peor. Tratamos de ascender en globo betanceiro al firmamento de la espiritualidad. Cuando el mundo, desmoralizado por la corrupción, parece perderse, betanceiros, quijotes y «globoeiros» pronuncian palabras de ciencia, belleza y amor.

¡Que viva siempre el anhelo se subir al cielo! ¡Viva Betanzos!.

Fernando Arrabal

15 de agosto de 1995

Na Praza da Constitución, tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Laura Vázquez Purriños, que recibiu a coroa de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares. A continuación a moza betanceira, Tamara Barallobre Sánchez, deu lectura ó Pregón Infantil.



Función do Voto

Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da Cidade

Al acercarme nuevamente delante de Tí para mostrarte el agradecimiento de nuestra Ciudad, la muy Noble, Real y Siempre Leal Betanzos de los Caballeros, quiero agradecerle Tu Protección y ayuda cuando en los momentos más difíciles la necesitábamos. Tu desprendimiento para abandonar tu familia, tus bienes y tus amigos en la ciudad francesa de Montpellier y convertirte en peregrino en favor de los necesitados, de los enfermos y de una forma especial de los que sufrieron la peste negra, entre los que se encontraban nuestros ciudadanos betanceiros, siempre merecerá nuestro reconocimiento. Y a través de tu continuada presencia como Patrón de nuestras fiestas tradicionales, queremos renovártelo año tras año. Por ello, con esta ofrenda, añado un eslabón a la



cadena iniciada hace más de 500 años con la intención de mostrar la gratitud de una Ciudad que mira con decisión al futuro y conserva sus tradiciones más representativas. Sobre todo con quienes, como Tú, nos demostraron su cariño y entrega.

Desde que en el año 1416 la Ciudad imploró Tu mediación, tan generosamente prestada, muchas generaciones sucesivas vieron el discurrir de las gentes por nuestras calles y plazas, los puentes contemplaron enmudecidos el agradable paso del agua de nuestros ríos Mandeo y Mendo, las campanas de nuestras iglesias tañeron para multitud de acontecimientos e infinidad de peregrinos continuaron su paso por el Municipio para llegar hasta la mítica Compostela, capital de la cristianidad. Pero nada impidió nuestro hermanamiento contigo que hoy renovamos.

Y con la humildad y la grandeza que caracteriza a los betanceiros, deseo solicitar nuevamente Tu indispensable colaboración. Para que se terminen las guerras que siembran varias zonas del mundo de desolación y de tristeza. Para que las pestes del mundo actual, droga, alcohol, paro, terrorismo, odio, injusticias e incomprendiciones, se superen y den paso a una sociedad donde la Justicia, la Paz, la Tolerancia, la Comprensión y la Concordia, sean sus columnas básicas.

Ayuda especialmente a los más necesitados y permite que todos los niños encuentren un hogar lleno de amor y de Paz y donde los ancianos que tantos esfuerzos nos dedicaron y tantas lágrimas derramaron para tratar de darnos lo mejor, tengan el cariño y la estima que merecen. Favorece a todas las familias para que cuenten con los estímulos para poder cumplir la importante labor social que tienen y acuérdate de los enfermos para auxiliarlos y consolarlos.

Querido Señor: Ya sé que mis humildes plegarias no son necesarias y que Tu Bondad y Grandezza las tiene siempre presentes. Por mi condición humana y como representante de este Noble Pueblo, te las presento de nuevo y al tiempo que te agradezco Tu continuada mediación, te recuerdo el agradecimiento y la estima de todos nosotros y el deseo de tener Tu Patronazgo en nuestras fiestas y en nuestras vidas. De esta forma conviviremos más plenamente y estaremos reconfortados de tener siempre a nuestro lado a un benefactor amigo que, cuando más lo necesitamos, acudió solícito a nuestra llamada y nos ofreció sus consejos y auxilios. Que así sea.

16 de agosto de 1995

Como tódolos anos, ás 12 da noite, saiu da torre de Santo Domingo o Globo de San Roque, que realiza a familia Pita dende 1875. Tivo o voo máis curto dos últimos tempos, xa que percorreu tan só uns tres kilómetros, indo caer no lugar de Infesta. A Praza do Campo e arredores estiveron abarrotados de xente.



17 de agosto de 1995

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación dos Xogos Florais, nun acto no que actuou de Mantedora a poetisa Dª Luz Pozo. O gañador foi D. Xabier Rodriguez Barrio, pola obra Título para una oda brigantina. Déronse mencións especiais a D. Miguel Anxo Fernán-Vello e a D. Xoán Piñeiro Cochón.

18 e 25 de agosto de 1995

Como é tradicional, centenares de lanchas engalanadas deron viveza e colorido ás tradicionais romarias dos Caneiros. Antes da subida entregáronse ós romeiros uns folletos co lema Caneiros 95, Tradición e Diversión, no que se especificaban unha serie de consellos, redactados pola Agrupación de Protección Civil, para un mellor desenrolo da romaría. >



22 de agosto de 1995

Disputouse no río Mandeo a XI Travesía a la Ría de Betanzos Trofeo San Roque 1995, que organizou o club de Piragüismo local. Trescentos cincuenta palistas pertencentes a 17 clubes dieronlle vistosidade, colorido e competitividade a esta importante proba.

24 de agosto de 1995

Celebrouse no Estadio Municipal García Irmáns o trofeo de fútbol Ciudad de Betanzos entre o Compostela e Lugo. O Lugo adxudicouse o trofeo ó derrotar por catro goles a dous ó equipo santiagués.

Agosto de 1995

Causou asombro na cidade a oferta do persoaxe coñecido por «Erik el Belga», quen roubara no ano 1981 as tallas flamencas do século XV da igrexa de Santa María do Azougue. Segundo el ainda sería posible recobrar a peza que falta (A Anunciación) a cambio de moitos cartos. Foi coñecida nestes días a súa visita á cidade, e á igrexa de Santa María, no outono do ano pasado de 1993.

28 de agosto de 1995

O Rancing de Ferrol foi o gañador do Trofeo Manuel Rey, despois de derrotar ó equipo local por tres tantos a un.

2 de setembro de 1995

Tivo lugar na Aula de Cultura, e organizado polo Concello, un concerto do grupo Taraf Transilvania, ofrecéndonos a posibilidade de escutar pezas populares deste lugar centroeuropeo.

14 de setembro de 1995

Foron concedidos polo Concello, representado polo Tenente de Alcalde, D. Antonio Lagares, os premios ás lanchas mellor engalanadas das pasadas romarias dos Caneiros. Á lancha que amosaba a Praza da Constitución foille concedido o premio ó tema local. Pola orixinalidade foi premiada a que levaba unha reproducción da Torre do Reloxio. E a mellor adornada a embarcación con tellado de palla con hortensias e arcadas de madeira.

Setembro de 1995

Neste mes o Mosteiro de San Francisco quedou sen residentes. Os tres frailes franciscanos que habitaban nel foron destinados a outros lugares. A pesares diso seguiranxe celebrando funcións relixiosas áinda que cun horario máis restrinxido do que hasta agora había.



21 de setembro de 1995

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino 1994, nº17. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, a quien acompañaban diversos membros da Corporación municipal, así como o Director da publicación, D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do Catedrático de Historia Moderna na Universidade da Coruña, D. Baudilio Barreiro Mallón.

29 e 30 de setembro de 1995

Na Aula de Cultura desenroláronse as Xornadas de Promoción e Formación sobre Cooperativas e Formas de Economía Social, organizadas polo Concello de Betanzos e patrocinadas pola Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia. O acto de inauguración correu a cargo do Alcalde en funcións do Concello de Betanzos, D. Antonio Lagares.

6 de outubro de 1995

Enmarcado dentro do Festival Internacional de Música de Pulso y Púa organizado pola Agrupación Albéniz da Coruña, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a actuación do grupo de cámara Paulino Otamendi de Pamplona.

Outubro de 1995

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares, foi reelexido como membro da Xunta Directiva do colectivo Alcaldes para el Quinto Centenario, en representación da Comunidade Autonoma de Galicia, na asamblea desta asociación celebrada en Cuenca.

9 de outubro de 1995

Idoia Elósegui e Xabier Ares «Japi» partiron neste día para realizar unha viaxe a cabalo por diversas rutas medievais galegas. Foron despedidos polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares e o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz diante da Casa Consistorial.



13 de outubro de 1995

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares e os membros da Corporación Municipal deronlle a bevida, na súa primeira viaxe oficial a Betanzos, ó Presidente da Deputación Provincial, D. Augusto César Lendoiro. No transcurso do acto, celebrado na Sala Capitular do Concello, entregóuselle un recordo conmemorativo.

Outubro de 1995

Neste mes deron comenza as obras de rehabilitación do Depósito Comarcal de Detidos, para dotar ás instalacións de maior seguridade e habitabilidade, así como unha nova distribución dos locais da Policía Local.

14 de outubro de 1995

Días pasados foran as brigantinas quen celebraran o seu cincuenta aniversario, hoxe tocoulles ós homes. A celebración, como ven sendo costume, comenzou cunha misa e o lanzamento de cincuenta bombas de palenque...

Outubro de 1995

O Parlamento Europeo premiou no concurso "Día de Europa na Escola" ó Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar de Betanzos por un traballo sobre a intolerancia. O traballo foi realizado por un grupo de alumnos dirixidos pola Profesora de Historia, D^a Concepción Castro Higelmo. O premio consiste nunha beca para participar nunha xornada de debate en Estrasburgo con mozos doutros países.

29 de outubro de 1995

Baixo a presidencia do concelleiro e deputado provincial, D. Antonio Lagares, inauguráronse na Aula de Cultura as "Xornadas de Promoción e Formación sobre cooperativas e Formas de Economía Social".

4 de novembro de 1995

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a toma de posesión dos nove Alcaldes de Barrio. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado do Concelleiro e Delegado de Acción Rural, D. José Ramón García e o Concelleiro e Delegado de Urbanismo, D. Antonio Lagares.



Os Alcaldes de Barrio que foron electos por votación nas súas respectivas parroquias foron: D^a María del Carmen Delgado Maceiras pola parroquia de Brabio, D. Andrés Grandal Vidal por Tiobre, D. José Juan Gándara Ramos por Castro, D. Vicente García Blanco por Nosa Señora, D. Antonio Sánchez Charlón por Xan Rozo, D. Roberto Ferreño Otero por Infesta, D. Hipólito Valiño Espido por Piadela e D. Santiago Veiga Iglesias por San Pedro das Viñas.

10 de novembro de 1995

Tivo lugar na Igrexa de San Francisco un concerto da Orquesta Sinfónica de Galicia, con gran éxito.

13 de novembro de 1995

Causou consternación en Betanzos o grave accidente ocurrido a tres nenos na Avenida da Coruña, que causou a morte ó pequeno Abel Faraldo Calvo. O accidente foi ocasionado por unha moto que saltou un semáforo en bermello.

20 de novembro de 1995

Foi aprobado no Pleno do Concello o novo presuposto para o 1996, que ascende a 860 millóns de pesetas.

20 de novembro de 1995

Con motivo da publicación do libro Antiguos Hospitales, do que é autor o médico betanceiro D. Carlos M. Fernández, foi invitado a participar no ciclo de conferencias Pasado, Presente y Futuro de los Hospitales Coruñeses, organizado polo Instituto de España e a Real Academia de Medicina e Ciuxia de Galicia.

A Conferencia e o libro acercáronnos á historia dos antigos centros hospitalarios da cidade da Coruña. O libro está editado conxuntamente polo Concello da Coruña e a editorial Via Láctea, dentro da colección titulada Biblioteca Coruñesa.

24 de novembro de 1995

Unha delegación oficial, en representación do Concello, presidida polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e da que tamén formaron parte a Tenente de Alcalde, D^a Asunción Sánchez, o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira e o Delegado de Emigración, D. Andrés Beade, desplazáronse a Bos Aires para participar nos actos de conmemoración do noventa aniversario do Centro Betanzos da capital arxentina. Estiveron tamén presentes un representante da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial, así como un nutrido grupo de betanceiros.

25 de novembro de 1995

Tivo lugar no Polideportivo Municipal o Campeonato Galego Junior de Taekwondo «Xunta de Galicia», que contou coa participación de dezasete clubs masculinos e dezanove femeninos.

30 de novembro de 1995

D. José Manuel Martínez Lage, foi galardonado co Premio da Fundación Uriach en Ciencias da Saíde pola súa labor docente e investigadora no campo da neuroloxía. Un recoñecemento máis para este médico betanceiro, que actualmente é profesor desta materia na Universidade de Navarra e consultor da mesma especialidade na Clínica Universitaria.

30 de novembro de 1995 >

A editorial A Nosa Terra-Asociación Pedagóxica Galega sacou á luz o libro titulado **Informática: Ordenadores e proceso de texto**, do que é autor o profesor betanceiro, D. José Ricardo López Saavedra. É esta unha obra de grande utilidade para todos os que traballamos con ordenadores, posto que xunta un gran rigor cun marcado carácter pedagóxico. Desde o Anuario Brigantino felicitamos ó profesor López Saavedra por esta obra, ó tempo que aproveitamos para agradecerlle publicamente a súa axuda desinteresada en tantas consultas como lle facemos a cotío.

9 de decembro de 1995

A Aula Municipal de Cultura acolleu unha das xornadas do XII Encontro de Escritores Galeuzca 95, que baixo o lema *A emigración e o exilio reuniu a máis de oitenta escritores de Euskadi, Cataluña e Galicia*. Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, contou co patrocinio da Consellería de Cultura, Deputación Provincial e Concello de Betanzos.

9 de decembro de 1995

A partir deste dia e ata o mes de xaneiro veuse desenrolando o Programa de Festexos do Nadal organizado pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes, que contou con diversas actividades como representacións teatrais, festivais infantís, actuacións musicais, proxección de películas, etc. O programa editado foi ilustrado polo debuxo de Noelia María Naveira Medin de dez anos e alumna do colexio público «Vales Villamarín», gañador do concurso de carteis de nadal organizado polo Concello.

12 de decembro de 1995


A invitación do Alcalde, D. Manuel Lagares, como Presidente da Federación de Concellos Galegos, tivo lugar unha reunión entre membros directivos desta entidade e os da Federación Galega de Municipios e Provincias. O encontro realizouse na Casa Consistorial de Betanzos, e tivo como obxectivo o estudio da posible unificación destes dous organismos.

13 de decembro de 1995

O Betanzos CF non puido co Fabril na disputa da Final da Copa Federación, despois de eliminar ó Arousa, o equipo Betanceiro perdeu os dous partidos da final celebrados na Coruña e Betanzos frente ó filial do Deportivo.

14 de decembro de 1995

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado do Concelleiro Delegado de Formación e Emprego, D. Antonio Lagares Pérez, fixo entrega dos diplomas ós alumnos da Casa de Oficios de Axuda a Domicilio, despois dun ano de actividade formativa.





D. Manuel Lagares Pérez
Alcalde-Presidente



Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez
Tte. Alcalde



D. Antonio Lagares Pérez
Tte. Alcalde



D. Antonio Carro Galeiras
Tte. Alcalde



D. Francisco M. Díaz Pereira
Tte. Alcalde



D. José R. García Vázquez
Tte. Alcalde



D. Andrés Beade Dopico
Concelleiro



Dª Ofelia López Campos
Concelleira



D. Antonio Vázquez Lorenzo
Concelleiro



D. Jaime Alberto Pita Varela
Concelleiro



Dª Mª Dolores Faraldo Botana
Concelleira



Dª Mª Cinta Fernández Ramos
Concelleira



D. Luis Alberto Carro Erias
Concelleiro




D. Manuel Basteiro Fernández
Concelleiro




D. Angel Pastor Casal Otero
Concelleiro



D. Andrés Martínez Guerra
Concelleiro



D. Andrés Otero Martínez
Concelleiro



Erigas
XI-1985

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1995
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 15 DE
XUÑO DE 1996